

EU CRÉOTE

Charlotte Devillers & Arnaud Dufeys, 2025

1704

ESTREA EN NUMAX: 27.03.2026 | V.O.S.E. | 78 min

Alice preséntase ante o xuíz, sabendo que non hai marxe para o erro. Debe falar en nome dos seus fillos e enfrontarse ao seu pai xa que a súa custodia está en xogo. Poderá facer oír a súa voz e protexelos antes de que sexa tarde de máis?

«A apaixonante opera prima de Devillers e Dufeys capta as tensións dunha vista xudicial que pode cambiar unha vida»

Allan Hunter, SCREENDAILY



Entrevista con Charlotte Devillers e Arnaud Dufeys: «As audiencias xudiciais seguen de maneira natural unha estrutura similar á dunha película»

***Eu créote* aborda temas profundamente contemporáneos. Como lograstes o equilibrio entre realidade e ficción?** Desde o inicio do proceso de escritura recoñecemos que as audiencias xudiciais seguen de maneira natural unha estrutura similar á dunha película. A orde en que se pronuncian as palabras crea tensión e conduce a revelacións progresivas. Transcribimos esta audiencia con base nos testemuños que recompilamos, pero as escenas previas e posteriores a ela son ficticias, creámolos para mergullar o público na viaxe emocional dos personaxes.

Por que decidistes filmar a escena central en tempo real? En primeiro lugar, queríamos que os actores experimentasen a inmediatez dunha audiencia, onde só hai unha oportunidade para presentarse. Este enfoque permitiu aos actores actuar con intensidade, reaccionando espontaneamente ante o descoñecido. Para os avogados, que nunca antes actuaran fronte á cámara, isto facía que non houbera repeticións de tomas. O noso orzamento e calendario axustados tamén influíron, pois ao rodar esta escena nunha soa toma continua con tres cámaras, permitiunos completar a película en 13 días.

Como conseguistes esta intensidade e autenticidade? Durante o cásting, démonos conta de que a dinámica entre actores profesionais e non profesionais funcionaba á perfección. Para a escena do xuízo, abordamos a rodaxe coma se fose unha audiencia real. Organizamos sesións de improvisación entre avogados e actores para axudarlles a forxar relacións auténticas e desenvolver os seus argumentos. Ao mesmo tempo, mantivemos a Myriem e Laurent separados para crear unha auténtica distancia entre os seus personaxes. Os actores profesionais estudaron meticulosamente os seus diálogos, mentres que os avogados se prepararon como o farían para unha audiencia real. Este enfoque dual permitiu a cada intérprete achegar a súa experiencia única ao seu papel.

Como dúo de directores, home e muller, como se enriqueceron mutuamente os vosos enfoques para abordar a historia? Foi clave. Xuntos puidemos compartir perspectivas, debater ideas a fondo e procesar os poderosos testemuños que atopamos. Asistir xuntos ás audiencias xudiciais foi particularmente enriquecedor e as conversas posteriores foron as que moldearon o noso enfoque. A reflexión constante foi a que máis nos axudou a equilibrar o tema.

Por que elixiches traballar con avogados reais? Tiñamos claro que aforrariamos tempo e nos había dar autenticidade á película. Eles xa entendían os matices da linguaxe legal, a dinámica dos tribunais e a carga emocional dos seus papeis. As súas improvisacións durante o cásting confirmáronnos que a decisión fora a correcta e as súas interaccións cos actores resultaron naturais e profundamente cribles.

Como reaccionaron os actores a esta elección? Tanto os actores profesionais como os afeccionados o acolleron con entusiasmo. Admiraron a elocuencia, naturalidade e espontaneidade dos avogados, mentres que estes quedaron impresionados polo dominio da emoción e o texto dos actores. Este respecto mutuo creou unha dinámica moi enriquecedora e gratificante no set.